

Este ano tivemos de novo **Club de Ciencia** no cole , foi moi diferente a outros anos , tivemos que facelo por clases xa que coa Covid mellor non xuntarnos...seguimos igual que os últimos anos a propiciar a vocación científica no noso centro , esta vez contamos coa axuda de Suso de "Ciencia en Movemento", para o desenvolvemento das actividades fixemos un montón de cousas, tamén nas clases xa que así experimentamos e aprendemos...
Mirade que ven o pasamos e o moito que aprendemos...




Na clase de 1º houbo experimentos de misturas en equilibrio, traballaron a creatividade facendo formas con cousas da casa, e ata cheiraba de medo aquela clase...

Cal é a salgada? Tentado adiviñar polo tacto, gusto, olfato...



Escarvantes xeométricos



Os nenos e nenas de 2º de primaria fixeron un montón de cousas: reparto de presión, gravidade da auga, fluido newtoniano, peixe saltarín...



Na clase de 3º aprenderon moitisiimooooo e atoparon unha sorpresa o entrar no museo...

Moitos non sabían que era, pero as profes entre risas explicaron porque ia así vestido e tiña o matapiollos tan "raro"...

Atoparon paneis informativos e fixeron moitos experimentos.

Na súa clase falaban dos planetas, e aprenderon a orientarse, tamén os nomes dos continentes cun Rap, e alucinaron co "Xogo dos sentidos"...



Os científicos e científicas de 4º fixeron. CROMATOGRAFIA, MOTIVO DA INVISIBILIDADE DOS ORBITS e OS VASOS COMUNICANTES.

Para facer todo elo precisaron de moito material:

Tesoiras, un filtro de cafetera, un escarvadentes , tinta , un contagotas, un recipiente pequeno de plástico cinta adhesiva, Dous recipientes para medir o volume da auga, un bol con orbits, transparentes, un recipiente para verter os orbits e a auga, un obxecto de plástico colorido,un tubo de plástico e pezas pequenas...

Pouco mais e deixan o cole sen material...

Ahí os tedes todos atentos as explicacións de cómo como uns orbits poden aparecer ou desaparecer dun momento a outro con simplemente verter auga sobre eles



E os maiores do cole 5º e 6º non quedaron atrás experimentando...



Moi atentos as explicacións...Collemos dous garfos e unímolos cunha bola de plastilina, despois partimos un palillo pola metade e



pegámolo á plastilina. A estrutura dos garfos xa a podemos poñer onde queiramos que non se vai caer...



Outros experimentos foron distintas hipóteses que xurdiron nas clases, esas incertezas de saber se poden ser ou non, para logo comprobar e aprender por que ese é o resultado.

A experiencia foi estupenda, nela aprendemos moitas técnicas e métodos que eu, polo menos, descoñecía. Lembro o primeiro experimento, a cromatografía,



